

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do *Diario de Ferrol* o día 7 de maio de 2006.-

Unha terra chamada Escocia

Para Marta Cid Constela

Hai unha terra que se chama Escocia onde a liña do horizonte aparece, desaparece e logo volve aparecer agachada entre montañas, lagos e prados infindos que fan difícil que o viaxeiro poida saír ileso do seu encontro co arrebatador impacto da paisaxe. Hai unha lugar chamado Escocia inzado de castelos que semellan competir entre eles en grandeza, un lugar no que basta prestar unha pouca atención para sentir unha lonxana gaita de varios roncóns a soar entre os bufidos do vento que lambe as montañas cando baixa dende as **Highlands**, que é como lles chaman por alá ás terras do norte, as máis altas.

Dis que foi San Columbano, un misioneiro irlandés, fundador dun mosteiro na pequena illa de Iona, quen unificou as tribos que habitaban nestes lugares, esas tribos que máis adiante habían de dar lugar aos Clans (os MacDonald, os Campbell, os Kennedy, os Cunningham, os Montgomerie...) grupos de familias cunha xenealoxía común, que aínda perduran na actualidade e que coma sinais de identidade comparten os mesmos “tartans” (deseños) nos seus “kilts” (saías).

Hai unha terra chamada Escocia onde as máis pequenas pedras destilan historia, onde a cada volta do camiño o viaxeiro atopa unha leira na que se librou unha cruenta batalla. En **Glencoe**, antesala das Highlands, á beira do lago **Leven** e das montañas das **Three Sisters**, produciuse no ano 1692 un terríbel enfrontamento entre dous clans, cando ás cinco da mañá do día trece de febreiro os soldados dos Campbell recibiron a orde de asasinar a todos os MacDonald de menos de setenta

anos. Os membros do clan aínda acoden ao lugar cada ano para rememoraren o terríbel suceso.

En **Culloden**, preto da localidade de **Inverness** o exército británico, mandado polo duque de Cumberland aniquilou as tropas de Bonnie Prince Charlie, que chegara a Escocia disposto a reclamar a coroa británica para a familia dos Estuardo. Dis que o príncipe (líder indiscutíbel dos clans escoceses) escapou até a illa de **Skye** disfrazado de doncela e alí acabou morrendo.

San Mungo fundou un mosteiro ao pé dun outeiro no século VI e sobre o seu sepulcro se construíu unha catedral arredor da cal foi medrando a vila de Glasgow, que ten a Casa do Concello máis señorial de Gran Bretaña, con granito de Aberdeen e mármore de Carrara, e un cemiterio que ben merece un paseo entre as tumbas, coroado por un monumento a John Knox, o home que encabezou a Reforma da Igrexa de Escocia.

Non se pode abandonar Glasgow sen visitar a súa Universidade, sen asistir a unha función do Sharmanka Kinetic Theatre, unha compañía fundada en San Petersburgo que basea a súa dramaturxia nunha colección de trebellos increíbles e grupos escultóricos móbiles construídos con materiais de refugallo, e sen achegarse ao mercado de **The Barras**, nun dos barrios máis degradados, para ver de mercar algunha ganga.

Case o polo oposto de Glasgow é a cidade de **Edimburgo**, a “Atenas do Norte”, cos seus calellos estreitos e empinados, coa súa arquitectura xeorxiana e coa súa animación desbordante. O seu Castelo é toda unha icona nacional en primeiro lugar porque constituíu o enclave máis prezado en todas as guerras en chan escocés, en segundo porque nel se custodia a Pedra do Destino (a que usou Xacob de cabezal no libro do Xénese cando soñou con anxos que subían ao ceo), e

en terceiro porque ás súas portas se celebra cada verán o Military Tattoo, unha exhibición de carácter militar que constitúe un símbolo nacional escocés.

Dende o Castelo báixase pola Royal Mile (unha rúa dunha milla chea de casas antigas) até o Pazo de Holyrood, escenario de intrigas amorosas e asasinatos nos tempos de María Estuardo. A fermosura da cidade contéplase en todo o seu esplendor dende o outeiro de Calton Hill, e non pode un marcharse sen sentar tranquilamente a tomar un té e un anaco de bolo caseiro de manteiga no Clarinda's, un local decorado á máis tradicional usanza de Gran Bretaña.

Pero a Escocia máis enxebre atópase nas súas paisaxes de prados, nos lagos misteriosos e nas montañas, na beiramar e nas illas innumerábeis que rodean as súas costas, nas escuras augas do Lago **Ness**, con monstro incluído, no **Ben Nevis**, o pico máis alto das illas británicas, en **Fort William**, de onde parte o tren de vapor que nas películas de *Harry Potter* leva os rapaces a Hogwarts (J.K. Rowling tamén é escocesa), no **Castelo de Culzean**, construído ao borde mesmo dun acantilado con vistas á **illa de Arran** e cuns xardíns dunha fermosura que abraia, en **Stirling**, en **Saint Andrews**, en **Balmoral**...

Hai unha terra orgullosa de si mesma que se chama Escocia sempre disposta a sorprender ao viaxeiro, polo que nunca se debe desbotar a posibilidade de visitala, porque non hai nada máis grato que asistir a un “ceilidh”, unha velada gaélica onde a xente baila ao son da música tradicional, botar un bo grolo de whisky ou saborear unha ración de “Haggis”, o prato nacional (pulmón, corazón e fígado de cordeiro con puré de patacas e rábanos).